


# Seminario de Planificación Empresarial

Con Perspectiva de Xénero

**Matrícula Gratuita**

Acción seleccionada no marco dun programa operativo cofinanciado polo FSE coa colaboración da Xunta de Galicia



## OBXECTIVOS

Este seminario está diseñado para axudar ás **empendedoras** a poñer en marcha a súa idea ou proxecto empresarial aplicando a **perspectiva de xénero**.

Para elo ofrecemos **sesións teóricas e prácticas**, ademáis de **titorías** persoais por proxecto, impartidas por recoñecidas profesionais do mundo da empresa e da formación, que axudarán á emprendedora a coñecer os conceptos básicos precisos para enfocar o plan de negocio e contrastar a viabilidade do mesmo.

## DESTINATARIAS

Todas aquelas **mulleres** que teñan unha idea ou proxecto empresarial, e que precisen axuda para poñelo en marcha.

## SELECCIÓN DAS ALUMNAS

Criterios de valoración:

1. **Vinculación coa Universidade de Santiago de Compostela** (estudante, PAS, doctoranda, investigadora, exalumna...)
2. Existencia dunha **idea ou proxecto empresarial real**.
3. **Orde de inscrición** en que quede rexistrada a solicitude.

## CALENDARIO E HORARIO

### Clases presenciais

**21, 23, 24, 28, 30 e 31 de outubro**, en horario de **16:30 a 20:30 horas**

**4 e 6 de novembro**, en horario de **16:30 a 20:30 horas**

### Titorías

Haberá dúas titorías persoalizadas, dunha hora de duración cada unha, **entre o 25 de outubro e o 8 de novembro**.

## PROGRAMA

### MÓDULO 1: Xeración dun plan de negocio

#### Obxectivos:

- Axudar ás emprendedoras a analizar a súa idea empresarial e decidir un posicionamento da empresa coherente co mercado e coa sociedade.
- Prestar apoio, formación e información precisos para a creación e posta en marcha de novas empresas.
- Dotar de coñecementos, recursos e habilidades ás potenciais emprendedoras.

#### Contido:

1. Importancia e utilidade do Plan de Empresa
2. Estructura do Plan de Empresa
3. As viabilidades da empresa: técnica, comercial, económica e financeira

**Duración:** 18 horas

### MÓDULO 2: EMPRESA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO: EFR

#### Obxectivos:

- Transmitir a importancia da conciliación na produtividade da empresa.
- Informar sobre o sistema EFR e os mecanismos para a súa implantación

#### Contidos:

1. A conciliación da vida familiar e persoal
2. Sistema EFR
3. Medidas de conciliación
4. Como ser empresa EFR
5. Exemplos

**Duración:** 4 horas

## MÓDULO 3: Novas formas de xestión empresarial

### Obxectivos:

- Transmitir a importancia da motivación dos recursos humanos e técnicas para implicalos nos proxectos máis alá dos tradicionais incentivos económicos.
- Transmitir a colaboración como unha nova metodoloxía de traballo que permite a profesionais independentes e pemes de diferentes sectores desenvolver proxectos de forma independente á vez que fomentar proxectos conxuntos.
- Sensibilizar sobre a importancia da innovación como alternativa (oportunidade) fronte á dificultade para competir.

### Contido:

1. Motivación dos Recursos Humanos
2. Redes de Colaboración
3. Pro-innovar

**Duración:** 4 horas

## MÓDULO 4: Recursos para emprender

### Obxectivos:

- Amosar os diferentes recursos a disposición das emprendedoras por parte de diversos organismos públicos.
- Coñecer as ferramentas a disposición dos emprendedores en función do nivel de desenvolvemento do proxecto.

### Contido:

1. Recursos para a maduración da idea empresarial
2. Recursos para a elaboración do plan de empresa
3. Recursos para o financiamento da empresa
4. Recursos para coñecer os trámites de posta en marcha da empresa

**Duración:** 4 horas

## LUGAR DE CELEBRACIÓN

O “Seminario de Planificación Empresarial con Perspectiva de Xénero” celebrarase no **Edificio Emprendia**, situado no Campus Vida da Universidade de Santiago de Compostela.

## DOCENTES

### **Fátima Rodríguez Figueiras**

Licenciada en Ciencias Políticas, a súa paixón sempre foi o desenvolvemento local. Fátima conta cunha ampla e recoñecida experiencia no campo da creación e xestión de empresas dende que comezou como técnica de emprego na administración pública, pasando máis tarde a ser asesora e formadora no Grupo Proxectos durante máis de sete anos. O traballo por conta allea estimulou o seu espírito emprendedor, animada pola convicción de que as cousas se podían facer mellor. En xaneiro de 2011 faise cargo de “Promove”, unha empresa de consultoría e formación, con sede en Santiago de Compostela, proxecto emprendedor no que segue na actualidade.

### **María Traveso Lago**

Licenciada en Ciencias Políticas, a súa vida profesional e persoal sempre estivo ligada ao mundo emprendedor. Comezou traballando na empresa privada, nunha consultora especializada en promoción económica e, anos máis tarde, pasouse á empresa pública, para coñecer o funcionamento dende o outro lado, estando sempre vinculada ao asesoramento empresarial. Dende xaneiro do 2012 está ligada a Promove, primeiro como traballadora e, despois duns meses nos que a experiencia foi moi positiva, decidiu dar o paso e entrar como socia para apoiar o proxecto e a súa filosofía, compartindo con Fátima un modelo de xestión diferente, áxil, versátil e conciliador no que o importante son as persoas, e nas que a calidade dos proxectos e a busca de resultados son o alimento da súa ilusión e implicación diaria no traballo

## INSCRICIÓN E MÁIS INFORMACIÓN

→ Pasos a seguir para inscribirse no seminario:

1. Descargue a [Ficha de inscripcion](#)
2. Gárdea no seu ordenador
3. Cubra a ficha
4. Envíe a ficha cuberta a [uniemprende@usc.es](mailto:uniemprende@usc.es)

→ Se precisa máis información estamos a súa disposición en:

Uniemprende, Edificio Emprendia, Campus Vida, 15782, Santiago de Compostela

Teléfono: 900 100 981 / 881 815 561

[uniemprende@usc.es](mailto:uniemprende@usc.es)

[www.uniemprende.es](http://www.uniemprende.es)